



5º Educación Primaria

Día das letras galegas 2024

Luísa Villalta Gómez naceu na Coruña, na rúa Vila de Laxe, o 15 de xullo de 1957. De pequena estudou na súa cidade natal, no colexio das Xosefinas e no instituto Eusebio da Guarda.

Na Universidade de Santiago de Compostela licenciouse en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galego-Portuguesa. Aprobou as oposicións para profesora de secundaria e impartiu clases de galego nos institutos coruñeses de Perillo-Oleiros, Cando-Ferrol e Sada.

Foi colaboradora en moitas publicacións galegas: A Nosa Terra, Man Común, Grial, Luzes de Galicia... O *Libro das columnas* recolle os seus artigos publicados no xornal A Nosa Terra.

Participou activamente en entidades que defendían o noso idioma: a Asociación de Escritores en Lingua Galega e na Mesa pola Normalización Lingüística.

Tamén foi unha grande intérprete de violín e formou parte da Orquestra de Santiago de Compostela e da Xove Orquestra de Galicia.

O seu primeiro libro foi unha obra de teatro, *Concerto para un home só*, ao que seguiron unha chea máis de libros de poesía, narrativa, teatro, ensaio...

Faleceu na Coruña o 6 de marzo de 2004, á idade de 46 anos.

Pola defensa da cultura de Galicia e do idioma galego a Real Academia Galega dedícalle, o 17 de maio, Día das Letras Galegas.



A escritora coruñesa Luísa Villalta Gómez é a homenaxeada no Día das Letras de 2024.



Luísa formou parte, como violinista, da Xove Orquestra de Galicia.

ACTIVIDADES

1. Risca as oracións que non teñen nada que ver coa biografía de Luísa Villalta.

Estudou na Universidade da Coruña.

Naceu e morreu na Coruña.

Tocaba moitos instrumentos musicais de percusión.

Era unha gran defensora do noso idioma.

Foi profesora de galego en secundaria.

Traballou de profesora de inglés en Oxford.

2. Completa o texto coas palabras do recadro.


LAXE CORENTA E SETE XULLO VILLALTA PORTUGUESA MARZO 1957 SANTIAGO CORUÑA FILOLOXÍA 2004
--

Luísa _____ Gómez naceu na _____, na rúa
Vila de _____, o 15 de _____ de
_____.

Na Universidade de _____ de Compostela licenciouse
en _____ Hispánica e Filoloxía Galego- _____.

Faleceu na Coruña o 6 de _____ de _____,
á idade de _____ anos.

3. O encrucillado de Luísa Villalta.



HORIZONTAIS


1. Cidade galega na que naceu, A...
2. Instrumento musical de corda que tocaba Luísa.
3. Primeiro apelido da autora.

HORIZONTAIS

- A. Carrreira universitaria que estudou en Santiago de Compostela.
- B. Etapa educativa na que daba clases de galego.
- C. Localidade da provincia da Coruña onde impartiu clase no seu IES e foi o seu último destino.

HORIZONTAIS: 1. CORUÑA 2. VIOLÍN 3. VILLALTA
VERTICAIS: A. FILOLOXÍA B. SECUNDARIA C. SADA


4. Deseña unha portada para o primeiro libro que publicou Luísa Villalta. Non esquezas poñer o título, o nome da autora e o da editorial. Podes buscar tamén en internet esta información ou localizala do recadro inferior.



O LÓSTREGO NO VERÁN LUÍSA MANTEIGA EDITORIAL LAIOVENTO
AS LOITAS DA GAITEIRA CONCERTO PARA UN HOME SÓ MARUXA MALLO
LUÍSA VILLALTA GÓMEZ CADERNOS DA ESCOLA DRAMÁTICA GALEGA

5. Os acrósticos son poemas que forman frases coas letras iniciais de cada verso, como por exemplo este acróstico, formado coa palabra «MOUCHO». Formas ti outro coa palabra «LUÍSA»?

Marchando todos xuntos,
Outra vez xuntando as mans
Un tras doutro e ao compás
Cantando, bailando e rindo
Homes, mulleres e nenos
Ollando os campos da Terra Chá.



L _____
U _____
Í _____
S _____
A _____

6. Só sete mulleres foron homenaxeadas polo Día das Letras Galegas ao longo dos 61 anos da historia da conmemoración (unha delas é Luísa Villalta). Lendo as pistas deduce que muller foi homenaxeada, en que ano e un título dos da súa obra.

- Francisca Herrera Garrido, quen foi homenaxeada en 1987, non escribiu «Anagnórise» nin «Palabras no tempo» ao igual que a homenaxeada en 2021 non escribiu «Néveda».
- Aquela que escribiu a novela «Néveda» non foi a primeira homenaxeada.
- Luísa Villalta é homenaxeada despois doutras tres mulleres e non escribiu ningunha das tres primeiras obras que aparecen na táboa.
- Xela Arias non escribiu «Cantares Gallegos» nin «Néveda» e foi homenaxeada trinta e catro anos despois de Francisca Herra Garrido.
- María Victoria Moreno, que escribiu «Anagnórise», foi homenaxeada despois do ano 2007.
- «Cantares Gallegos» foi escrito pola primeira homenaxeada.
- Quen escribiu «En concreto» é a homenaxeada deste ano.
- María Mariño (que foi homenaxeada anos despois de Francisca Herrera) e Rosalía de Castro foron homenaxeadas antes de 2008.
- María Mariño escribiu unha das tres primeiras obras da táboa mentres que Francisca Herrera Garrido escribiu o que parece no último lugar.

AUTORAS HOMENAXEADAS	ANO DA HOMENAXE						UNHA DAS SÚAS OBRAS					
	1963	1987	2007	2018	2021	2024	Anagnórise	Cantares Gallegos	Palabra no tempo	En concreto	Intempériome	Néveda
Luísa Villalta												
Xela Arias												
Mª Victoria Moreno												
María Mariño												
Francisca Herrera Garrido												
Rosalía de Castro												

7. Cos resultados do cadro de autoras homenaxeadas no Día das Letras Galegas, competa estas oracións.

■ Rosalía de Castro foi homenaxeada no ano _____ e escribiu _____ .

■ Francisca Herrera Garrido foi homenaxeada no ano _____ e escribiu _____ .

■ María Mariño foi homenaxeada no ano _____ e escribiu _____ .


■ M^a Victoria Moreno foi homenaxeada no ano _____ e escribiu _____ .

■ Xela Arias foi homenaxeada no ano _____ e escribiu _____ .

■ Luísa Villalta é a homenaxeada no ano _____ e escribiu _____ .




A
túa
estatura
estaba inscrita no proxecto
da Cidade compacta.
O edificios medran cada día.
Faltan por agromar aínda
os máis altos de todos.
Por cima
sen medida visíbel
as antenas atentas
prolongan o vacío
até algúns centros
afastados dispersos
polas rúas algúns
outros continentes.
Por aquí pasan decote
os viandantes puntuais
mostrando a orgullosa hora
de cadanseu obelisco anterior.



ACTIVIDADES

1. Este poema sae na obra «En concreto», unha obra que a autora non chegou a ver publicada pois chegou ao prelo pouco despois do seu falecemento, despois de recibir o Premio Espiral Maior de Poesía. Nesta obra a autora fai unha homenaxe á súa cidade, A Coruña, á vez que visita paisaxes interiores. Saberás unir cada pedazo do caligrama coa imaxe correspondente?

A
túa
estatura
estaba inscrita no proxecto
da Cidade compacta.
O edificios medran cada día.
Faltan por agromar aínda
os máis altos de todos.
Por cima
sen medida visíbel
as antenas atentas
prolongan o vacío
até algúns centros
afastados dispersos
polas rúas algúns
outros continentes
Por aquí pasan decote
os viandantes puntuais
mostrando a orgullosa hora
de cadanseu obelisco anterior




2. Lendo este poema e sabendo o que sabes sobre esta obra e a autora, crea o cartaz conmemorativo do Premio Espiral Maior que recibiu.




3. Busca no dicionario e escribe a definición destes elementos da cidade:


MARQUESIÑA




PEITORIL



SUMIDOIRO




APARCADOIRO



4. Este caligrama ten a forma do Obelisco da Coruña, un monumento inaugurado o 10 de febreiro de 1895. É unha columna con inscricións de datos xeográficos e meteorolóxicos da cidade, esta oca por dentro e presidida por un reloxo na súa parte posterior. Ao mecanismo do reloxo accédese pola base que está rodeada dun pequeno xardín.

Cal destes monumentos cres que é o Obelisco coruñés? Arrodeao e completa os nomes.

Pazo de Westminster
Torre de Hércules O Obelisco Torre Eiffel



5. Luísa, neste poema, vai identificando á persoa coa cidade e como esta medra.

Xoga a identificar con partes da cidade, como por exemplo:

A miña amiga Carme é como unha ponte porque une e crea novas amizades.

O mestre lago é un miradoiro porque ensina novas vistas e horizontes ao alumnado.

■ _____ é coma un parque porque _____

■ _____ é coma o porto porque _____

- _____ é coma o mercado porque _____
 - _____ é coma a biblioteca porque _____
 - _____ é coma un palco da música porque _____
-


6. Podes crear ti un pequeno caligrama do estilo deste da bandeira? Pode ser sobre un animal, un edificio, un obxecto... pensa e escribe sobre el empregando a súa forma.

VIVA O MUNDO DO TRABALLO!
 ASÍ É A NOSA BANDEIRA
 TODA BRANCA E RAIA AZUL
 LEVÉMOA POR GALIZA
 DE UNHA A OUTRA RIBEIRA ★


O CALIGRAMA

7. Este poema é en realidade un caligrama. Que é un caligrama? É un verso ou composición poética en que as palabras forman un debuxo relacionado co contido da poesía.

Imaxina que os seguintes versos forman distintos caligramas. Escríbeos coa forma que se identifican.



«Están as nubes chorando,
por un amor que morreu.
Están as rúas molladas
de tanto como choveu»
(A.D.R. Castelao)



«Onde nós nunca pasan os trens
só chegan ou parten
por iso tamén somos nós
a nosa última estación
o noso amor definitivo»
(Luísa Villalta)


8. Relaciona estas construcións galegas co seu nome e utilidade.

PALLOZA

ALVARIZA

HÓRREO

Vivenda de planta oval ou redonda, que está feita de pedra e cuberta de palla.




Construción rural feita sobre columnas e con moitas aberturas nas paredes, que se utiliza para gardar o millo e outros produtos agrícolas.



Construción consistente nun muro, xeralmente circular, onde se garda un conxunto de colmeas




9. A que che lembra a figura que semella o conxunto deste texto de Luísa Villalta? Sabes que é un caligrama? Investiga e crea un.



10. Localiza no texto un artigo, un substantivo, un adxectivo e un verbo e compón un texto no que os empregues todos. Ilústrao.

ARTIGO	SUBSTANTIVO	ADJECTIVO	VERBO



AS CHAVES DO TEMPO


.I

No tempo en que había reis na Galiza, houbo un que tivo fama de nobre, xusto e de bon corazón. Durante o seu reinado nada faltou ás xentes, nen o millo, nen o peixe, nen o gando. As vilas eran pequenas, pero todas elas ben diferentes. Se en Carral había pan, en Cambre queixos e leite, en Muros e Vigo peixe a manchea, en Santiago artesáns cantos se quixer, e na Coruña comerciantes que vendían e compraban, ademais de facer beneficiosos tratos cos outros países de alén-mar. Este rei chamouse Arturo, en honra de outro que disque fora seu parente entrego.



ACTIVIDADES

1. Facemos o encrucillado do texto?



HORIZONTAIS


1. Localidade na que había abundancia de peixe.
2. Primeiro apelido de Luísa, a autora do texto.
3. Calidade pola que era coñecido o rei Arturo e que indica honra.
4. Nome do rei que tivo fama de nobre e xusto.
5. Cereal que non faltou durante o reinado de Arturo.
6. Vila onde había pan.
7. Conxunto de animais mansos de catro patas.
8. A Coruña, polo seu porto, era unha cidade moi acaída para as persoas que se adicaban ao...

VERTICAIS

- A. Cidade nomeada no texto que foi sempre recoñecida pola pratería e outras artesanías.

HORIZONTAIS: 1. MUROS 2. VILLALTA 3. NOBRE 4. ARTURO 5. MILLO 6. CARRAL 7. GANDO 8. COMERCIO VERTICAIS: A. SANTIAGO

2. No texto fálase dun rei, Arturo. Coñeces a lenda protagonizada por un rei con ese mesmo nome? Sabes algunha lenda máis? Escríbea.



13. Atopa as cinco diferenzas neste debuxo dun rei medieval. Colorea.



3. Completamos, utilizando a palabras do recadro, a receita da elaboración do pan.

○ 1. Nunha cunca grande, mestura tres cuncas de _____, e un pouco de sal.

FARIÑA
FERMENTO
AUGA
LEVEDE
FORNO
MASA
DOURADO
DEZ

○ 2. Engade unha cunca de _____ morna e mestura e remexe ben.

○ 3. Amasa durante uns _____ minutos até que estea suave e elástica.

○ 4. Deixa a masa acougar durante aproximadamente unha hora para que _____.

○ 5. Podes darlle forma e facer cortes superficiais á _____ antes de cocela.

○ 6. Prequece o _____ a 180 graos.

○ 7. Coce o pan durante 25 minutos ou até que estea _____ e soe a oco ao golpealo.

4. Saberías colocar o nome de cada unha das localidades do recadro na provincia que lle corresponde?

BETANZOS RÁBADE BAIONA VERÍN
TUI MUROS ALLARIZ GUITIRIZ


A CORUÑA ► **B** _____ **M** _____

LUGO ► **R** _____ **G** _____

OURENSE ► **V** _____ **A** _____







PONTEVEDRA ► **B** _____ **T** _____

5. Estas tres bandeiras pertencen a tres países con monarquías. Averigua os seus nomes e colore a súas bandeiras seguindo os códigos.



AS CORES

1 ► BRANCO 2 ► AMARELO 3 ► VERMELLO 4 ► AZUL



6. Completa o texto usando as palabras do recadro.

**ZOCAS XOIAS SANTIAGO MUÍÑOS CARRAL
FORNOS PAN ORFEBRERÍA GALICIA ARTESÁN
TRADICIÓN PERSOAS LEÑA TRIGO**

Este _____ de _____ é famoso porque mantén a mesma _____. Faise cun _____ colleitado na zona, moído en _____ romanos. Da forma de facelo o único que cambiaron son un pouco os _____, pero séguese empregando _____ igual.


Das _____ que traballan a _____, o acibeche, os canteiros e canteiras, ceramistas, lutieres, tamén aquelas persoas que fan _____, traballan o vidro ou quen fai _____, cestos... a zona de _____ é un resumo do potencial da _____ no traballo _____.




7. Le o texto de Luísa Villalta, une, completa e colore a localidade e a actividade ou o produto da mesma cor.



A _____



P _____



P _____




C _____



L _____

e Q _____



A CORUÑA




CAMBRE

SANTIAGO


CARRAL

MUROS


8. Identifica as catro provincias galegas, pescuda e debuxa o máis representativo de cada unha delas.




9. Pon en orde a receita para elaborar queixo do país.




Pasado o tempo, cando o soro se separa do callo e frota por riba, achegamos de novo a pota ao lume moi baixo, coidando que non pase do 37 graos e remexemos.




Cando o queixo estea listo envolvémolo nun pano e gardámolo para curar (na fiestra, na neveira ou no horeo)



Coa calor, nuns minutos o soro vaise xuntando. Apartamos do lume e comezamos a escorrer o queixo. Imos collendo o soro coas mans e empregamos un coadoiro mentres imos apertando, poñemos máis enriba e seguimos o mesmo proceso xirando o coadoiro para ir dándolle o xeito ao queixo.



Poñemos o leite nunha pota ao lume e cando estea morno apartámolo e engadímolle na pota o presoiro e o sal. Remexemos ben, tapamos e deixámolo acougar un par de horas.



10. Relaciona cada frase coa zona que lle corresponde.

**Ten unha catedral
moi famosa** ■

■ **A CORUÑA**

**É coñecida
polo seu pan** ■

■ **CARRAL**

**Esta cidade foi
defendida por María Pita** ■

■ **VIGO**

**Ten un dos portos
máis importantes
de Galicia** ■

■ **SANTIAGO**

11. Despois de ler o texto identificamos dous campos semánticos, cales son?

?

IDIOMAS	ALIMENTOS	DÍAS DA SEMANA	●
VERDURAS	LETRAS	CIDADES GALEGAS	MÚSICA
INSTRUMENTOS DE CORDA	DEPORTES...		

CAMPO SEMÁNTICO: _____

CARRAL, CAMBRE, VIGO, SANTIAGO...

CAMPO SEMÁNTICO: _____

LEITE, QUEIXO, PEIXE, MILLO, PAN...

Que campo semántico se che ocorre relacionado coas Letras Galegas?
